

O GALEGO NO PRIMEIRO TERZO DO S. XX: CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS FUNDAMENTAIS. CONTEXTO HISTÓRICO E SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

Considerado en conxunto, o século XX caracterízase sociolingüisticamente pola aceleración de dous procesos opostos, que comezaran xa no século XIX:

- Un **forte avance na normalización**, propiciado principalmente polo traballo de colectivos que xiraran arredor do nacionalismo galego, nacido case co século.
- Un **aumento importante da castelanización** da sociedade galega, que penetrará nas clases medias e no proletariado urbano, da man das estruturas estatais, coma o ensino, e os medios de comunicación de masas (a radio e a televisión, principalmente).

Podemos considerar **tres etapas** na historia da lingua galega ao longo do s. XX:

I. 1900-1936: continúa a recuperación de usos do galego, iniciada co Rexurdimento.

II. 1936-1975: interrupción da normalización provocada pola ditadura, e posterior recuperación progresiva do galego nos ámbitos culturais.

III. 1975-actualidade: a conquista das funcións institucionais e a paradoxal perda de falantes.

No primeiro terzo do s. XX a lingua galega continuou avanzando no proceso de normalización iniciado no Rexurdimento, enfrontando a situación diglósica na que convivía co castelán. Esta recuperación dáse nun contexto de profundas transformacións sociais (o esmorecemento da vella sociedade agraria tradicional e o crecemento da burguesía e proletariado urbanos) e mudanzas políticas, que van influír na nosa lingua e van condicionar a súa historia social.

As características lingüísticas fundamentais do galego desta época son, no esencial, as mesmas do galego actual, aínda que podemos sinalar algúns cambios significativos coma a progresiva perda de léxico patrimonial, polo declive das formas de vida tradicionais e a crecente presión castelanizadora, que fai que aumenten as interferencias léxicas (**conexo*).

No seu proceso de estandarización, **o galego pasa de popularizante a hiperenxebrista**, pois domina o criterio purista e téntase pechar a nosa lingua ás interferencias do castelán. O galego escrito desta época presenta o uso de **diferencialismos** (*bágoa* fronte a *lágrima*), creación de **hiperenxebrismos** (**segredario*), **arcaísmos** (**cibdade*), introdución de **lusismos e anglicismos**.

Na historia do galego entre 1900-1936, debemos distinguir dúas etapas, marcadas polo ano 1916:

OS PRIMEIROS ANOS DO SÉCULO (1900–1916) poden ser definidos coma unha etapa de transición, na que o galeguismo rexionalista leva a cabo algúns proxectos e feitos normalizadores: a Escola Rexional de Declamación (A Coruña, 1903), para promover o teatro en galego; a Real Academia Galega (A Coruña, 1906), que nace coa intención de redactar unha gramática e un dicionario ou o inicio da oratoria política en galego, da man de Manuel Lugrís Freire, nun mitin agrarista en Betanzos, no 1907.

Porén, estes primeiros anos do século XX non supuxeron un avance importante na recuperación social do galego. Así o vía Antón Vilar Ponte, cando escribiu: “*Antes do ano 17, o sentimento de galeguidade ficaba case esmorecido na nosa Terra*”.

A FUNDACIÓN DAS IRMANDADES DA FALA (A Coruña, 1916) foi, sen dúbida, o feito de máis transcendencia para a lingua no primeiro terzo do s. XX, pois déronlle un forte pulo á normalización procurando estendela a toda a sociedade. O 18 de maio de 1916, da man de A. Villar Ponte e un grupo de galeguistas, nace na Coruña a primeira Irmandade, que será seguida pola Irmandade de Santiago. En pouco tempo esténdense por todo o país e polos principais núcleos da emigración (Madrid, Bos Aires, A Habana...) As Irmandades teñen como órgano de expresión o xornal *A Nosa Terra*, xa integramente en galego, e nacen cos seguintes obxectivos fundamentais:

- A dignificación do idioma e a galeguización plena da sociedade (literatura, ensino, ciencia, ...)
- A coherencia entre a teoría e a práctica no uso da lingua: “*Falar entre os asoziados o idioma galego... e escribir na nosa fala*”, di o seu Regulamento.

Entre as actividades normalizadoras levadas a cabo polas Irmandades salientan:

- Conferencias, cursos de lingua (publican un *Vocabulario castellano-gallego*)

- Creación de **editoriais**, que van publicar, só en galego, ensaio e literatura, especialmente os dous xéneros que podían ter maior repercusión social: **a narrativa curta e o teatro**; aparecen, así, **Céltiga**, **Lar** (que en só tres anos publicará 40 títulos) e **Nós**.

- **O Conservatorio Nazonal de Arte Galego** (A Coruña, 1919), creado para fomentar o teatro.

As Irmandades logo virarán cara á actividade política e na súa I Asemblea (Lugo, 1918) redactan un Manifesto, onde se declaran “nazionalistas galegos” e fan reivindicacións políticas (a autonomía de Galiza dentro dunha federación ibérica, o ingreso na Liga das Nacións...) e lingüísticas (cooficialidade do galego). **O rexionalismo galeguista do século XIX transfórmase así en nacionalismo.**

O labor normalizador das Irmandades vaise completar co grupo **Nós**, o **Seminario de Estudos Galegos** e o **Partido Galeguista**, empresas de grande transcendencia que nacen do mesmo espírito que inspirou as Irmandades.

Os escritores do **GRUPO NÓS**, coas súas obras literarias e coa publicación da revista que lles deu nome (**Revista Nós, 1920**), levan a cabo dúas tarefas normalizadoras:

- Converten a nosa cultura e lingua en vehículos aptos para expresar contidos universais.¹
- Crean a moderna prosa galega, dándolle pulo a dous xéneros: a narrativa e o ensaio.

O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS (1923) foi fundado arredor da Universidade de Santiago e tiña como obxectivo o estudo de todas as manifestacións da cultura e a realidade galega. A súa importancia para a nosa lingua débese a que:

- Amplía os usos do galego a un ámbito novo: a investigación e divulgación científicas.
- A súa Sección de Filoloxía interésase pola formación do galego estándar e publica *Algunhas normas prá unificazón do idioma galego* (1933), nas que apostan polo achegamento ao portugués².

O PARTIDO GALEGUISTA (1931) nace na última asemblea das Irmandades da Fala e terá como principais dirixentes a Castelao e Alexandre Bóveda. A súa defensa do galego leva a este partido a:

- Ter o galego como única lingua interna e externa: propaganda, usos públicos orais...
- Defender no seu programa o uso do galego e a súa cooficialidade co español. Este recoñecemento legal do galego (introdución no ensino e obriga de coñecelo para os funcionarios) figurará no **Estatuto de Autonomía de 1936**, que a vitoria fascista convertería en papel mollado.

Se facemos unha análise global, **a situación sociolingüística amósase contraditoria no período 1900-1936**:

Por un lado, as **conquistas normalizadoras** do galego resultan evidentes:

- Importante recuperación na función cultural (usos literarios e científicos, traducións doutras linguas, prensa) e incipiente presenza na función institucional (da man dos agraristas e do PG).
- Maior coherencia entre a práctica e os ideais lingüísticos defendidos.
- Progreso no estudo e estandarización do idioma, grazas ao labor das Irmandades e do SEG.

Porén, a lingua segue a convivir en diglosia co castelán no conxunto da sociedade:

- O ensino segue a ser exclusivamente en castelán, a pesar de que a galeguización da escola (que xa defendera Sarmiento no s. XVIII) é unha demanda importante dos galeguistas. Isto provoca que a **competencia lingüística** dos galegos na súa lingua sexa **incompleta** (competencia oral na maioría da poboación, mais as competencias de ler e escribir en galego só se daban nunha minoría da poboación, con altas taxas de analfabetismo).
- As institucións públicas (concellos, deputacións,...) empregan só o castelán nos usos formais e escritos.
- A Igrexa exclúe o galego do seu seo, empregando só o castelán e o latín.
- Na prensa, o uso do galego é moi cativo comparado co do castelán.

¹ Na revista *Nós*, por exemplo, é o galego a primeira lingua peninsular á que se traduce parte da novela *Ulysses* de James Joyce; colaboran nela autores bretóns, irlandeses, ingleses, portugueses, ...

² Esta filosofía lingüística, que xa aparecera entre os galeguistas do XIX, estaba presente nas Irmandades, no grupo *Nós* e no PG. Para este partido, “o Miño non é unha fronteira con Portugal”; esta mesma idea refléxaa Castelao nun debuxo do álbum *Nós*, e aparece frecuentemente en *Sempre en Galiza*, así : “O galego é un idioma estenso e útil , porque –con pequenas variantes – fálase no Brasil, en Portugal e nas colonias portuguesas”. Isto terá reflexo na aparición dos lusimos no galego escrito, característicos destes anos.